


INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Abril 2024

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2024

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2024

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en abril de 2024 un incremento do 17,3% con respecto a abril de 2023; en España o aumento foi 13,4%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 22,1%, os bens intermedios un 6,9% e os bens de equipo un 10,1%. Pola súa parte a enerxía medrou un 35,0%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: "producción de enerxía eléctrica" que achega 6,0 puntos, a "fabricación de bebidas" que suma 2,5 puntos e a "industria da alimentación" que engade 1,8 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "industria química", a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" e a "fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos", cunha repercusión de -0,2 puntos cada unha.



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en abril de 2024 un incremento do 17,3% con respecto a abril de 2023; en España o aumento foi 13,4%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un aumento do 22,1%, e suman 5,2 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 10,1%, o que engade 3,1 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** crecen un 6,9%, cunha repercusión de 1,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que crece un 35,0% e achega 7,3 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen na variación interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais, o incremento interanual en abril do 17,3% débese principalmente á achega positiva (18,1 puntos) de vinte ramas; as principais foron: "produción de enerxía eléctrica" que achega 6,0 puntos, a "fabricación de bebidas" que suma 2,5 puntos e a "industria da alimentación" que engade 1,8 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (-0,8 puntos) de seis ramas, as principais foron: a "industria química", a "fabricación doutros produtos minerais non metálicos" e a "fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos", cunha repercusión de -0,2 puntos cada unha.

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI creceu en todas as Comunidades Autónomas neste mes de abril agás en Extremadura (-3,9%). Os maiores incrementos rexistráronse en Cataluña (22,1%), Canarias (20,6%) e Castilla y León (20,0%).

IPI Abril 2024


le variación interanual en %



No que vai de ano, o índice aumenta en dez comunidades autónomas. Os maiores crecementos rexístranse en Cataluña (7,3%), Castilla y León (6,7%) e Canarias (6,2%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodológicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2024

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | | REPERCUSIÓN (%) | |
|------------------|--------|---------------|-------------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | |
| Xeral | 103,5 | 17,3 | 4,0 | -- | -- |
| Bens de consumo | 110,5 | 22,1 | 10,0 | 5,2 | 2,2 |
| Bens de equipo | 104,7 | 10,1 | -3,7 | 3,1 | -1,1 |
| Bens intermedios | 92,1 | 6,9 | 0,5 | 1,7 | 0,1 |
| Energía | 107,7 | 35,0 | 11,1 | 7,3 | 2,9 |
| España | | | | | |
| Xeral | 106,4 | 13,4 | 1,9 | -- | -- |
| Bens de consumo | 110,5 | 22,0 | 4,9 | 5,4 | 1,2 |
| Bens de equipo | 117,0 | 18,7 | 2,8 | 4,4 | 0,7 |
| Bens intermedios | 104,2 | 13,0 | 1,2 | 4,3 | 0,4 |
| Energía | 92,3 | -3,3 | -2,4 | -0,6 | -0,4 |

Fonte: NE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2024

| Ramas | VARIACIÓN (%) | | | | Ponderacións |
|---|---------------|-------------|-------------------|-------------|--------------|
| | Interanual | Repercusión | No que vai de ano | Repercusión | |
| Total | 17,3 | | 4,0 | | |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 34,3 | 6,0 | 9,8 | 2,2 | 19,4 |
| Fabricación de bebidas | 53,0 | 2,5 | 36,2 | 1,4 | 3,8 |
| Industria da alimentación | 12,0 | 1,8 | 2,1 | 0,3 | 14,9 |
| Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | 18,2 | 1,4 | -6,3 | -0,5 | 8,6 |
| Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | 21,2 | 0,7 | 10,8 | 0,3 | 2,8 |
| Fabricación doutro material de transporte | 37,6 | 0,7 | 20,7 | 0,4 | 1,9 |
| Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | 9,3 | 0,5 | 1,2 | 0,1 | 4,8 |
| Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 21,0 | 0,5 | -2,4 | -0,1 | 2,3 |
| Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría | 8,7 | 0,4 | -0,6 | 0,0 | 4,6 |
| Outras industrias extractivas | 30,6 | 0,4 | 31,1 | 0,3 | 1,1 |
| Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes | 11,4 | 0,4 | 3,3 | 0,1 | 5,1 |
| Industria do papel | 20,8 | 0,2 | 11,6 | 0,1 | 1,2 |
| Outras industrias manufactureiras | 36,9 | 0,2 | 5,2 | 0,0 | 0,7 |
| Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | 1,4 | 0,2 | -8,7 | -1,3 | 13,3 |
| Fabricación de mobles | 11,1 | 0,2 | 5,9 | 0,1 | 1,3 |
| Confección de roupa de vestir | 2,6 | 0,1 | -1,4 | 0,0 | 1,8 |
| Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | -8,6 | 0,0 | -16,7 | -0,1 | 1,0 |
| Industria téxtil | -6,4 | 0,0 | -1,6 | 0,0 | 0,8 |
| Fabricación de material e equipamento eléctrico | -15,7 | -0,1 | 0,4 | 0,0 | 0,5 |
| Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | -23,4 | -0,2 | -16,5 | -0,1 | 0,8 |
| Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | -5,5 | -0,2 | -8,0 | -0,3 | 3,2 |
| Industria química | -10,5 | -0,2 | -5,4 | -0,1 | 1,9 |
| Coquerías e refinación de petróleo | * | * | * | * | * |
| Fabricación de produtos farmacéuticos | * | * | * | * | * |
| Industria do coiro e do calzado | * | * | * | * | * |
| Captación, depuración e distribución de auga | * | * | * | * | * |

Fonte: NE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2024

| CCAA | ÍNDICE | VARIACIONS (%) | |
|----------------------|--------------|----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| España | 106,4 | 13,4 | 1,9 |
| Galicia | 103,5 | 17,3 | 4,0 |
| Andalucía | 98,4 | 2,3 | -2,0 |
| Aragón | 112,6 | 13,9 | 2,6 |
| Asturias | 91,0 | 6,3 | -4,2 |
| Baleares (Illes) | 103,5 | 1,9 | -5,4 |
| Canarias | 117,9 | 20,6 | 6,2 |
| Cantabria | 95,1 | 2,0 | -4,5 |
| Castilla - La Mancha | 106,7 | 6,8 | -0,3 |
| Castilla y León | 111,0 | 20,0 | 6,7 |
| Cataluña | 113,5 | 22,1 | 7,3 |
| Comunitat Valenciana | 103,3 | 6,9 | -2,9 |
| Extremadura | 89,8 | -3,9 | -2,9 |
| Madrid | 113,9 | 15,8 | 0,6 |
| Murcia | 98,2 | 8,1 | 1,6 |
| Navarra | 101,7 | 17,2 | 3,1 |
| País Vasco | 101,6 | 13,6 | -1,1 |
| Rioja (La) | 97,0 | 11,0 | -3,5 |

Fonte:INE